

CONVOCATORIA DE MANIFESTACIÓN DE INTERESE PARA A DEFINIÇÃO DE ÁREAS ESTRATÉXICAS DE INVESTIGACIÓN NO EIDO DAS DO CAMPUS DA CIDADANÍA

A estratexia de I+D+i da USC, centrada na excelencia, o impacto e a proxección social, cultural e económica do País, e orientada coas prioridades autonómicas, estatais e europeas, permitiu desenvolver e articular capacidades de I+D+i arredor dos Campus de Especialización (Campus Vida, Campus do Mar, Campus Terra e Campus da Cidadanía) e dos Centros Singulares de Investigación e Agrupacións Estratéxicas.

As estratexias de apoio á ciencia e á tecnoloxía tanto europeas e estatais así coma a autonómica, desenvolven marcos de organización e financiación da investigación universitaria que se articulan sobre a colaboración entre os grupos de investigación primando a interdisciplinariedade. Deste xeito, procúrase xerar masa crítica suficiente arredor dunha serie de prioridades científicas, reforzar a investigación de excelencia e aplicada así como acadar un maior impacto e proxección social da actividade investigadora.

As sociedades do noso tempo, caracterizadas pola fragmentación e a aceleración dos cambios, enfrontan complexos desafíos de carácter global que afectan a realidades singulares e particulares; son, como ten mostrado a actual pandemia, problemas globais aos que só somos quen de ofrecer solucións parciais. Este carácter dinámico non só transforma os eidos social, económico, tecnolóxico ou cultural; mais alá, xera novos espazos de desenvolvementos nas interseccións, nas sinerxías e nas converxencias entre os devanditos eidos, que requiren, para ser aproveitadas e desenvolvidas, de análises precisas e propostas de solucións acaídas que deben ser abordadas pola investigación nas ciencias sociais e humanidades, dende estratexias de colaboración e coordinación.

Actualmente, a Universidade de Santiago de Compostela agrupa ao maior número de titulacións e grupos de investigación (incluídos aqueles cualificados como de referencia competitiva ou de potencial crecemento) nas ciencias sociais e humanidades en Galicia; conta ademais con varios institutos de investigación especializados, e participa en iniciativas interuniversitarias que están en fase de desenvolvemento, como a creación do CISPAC (Centro de Investigación Singular en Paisaxes Atlánticas Culturais).

Neste marco de articulación e desenvolvemento das Ciencias Sociais e as Humanidades, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación, en colaboración co Campus da Cidadanía, están analizando o desenvolvemento de **áreas estratéxicas de I+D+i**, dirixidas principalmente pero non exclusivamente, aos devanditos grupos de investigación de ciencias sociais e humanidades.

Xa que logo, faise preciso crear canles para que a iniciativa dos grupos de investigación poidan ser o motor que promova a identificación destes ámbitos estratéxicos nos cales se poida acadar unha maior excelencia e impacto da investigación realizada.

OBXECTO

Co obxectivo final de consolidar, estruturar e desenvolver unidades de investigación especializadas, no marco do Campus da Cidadanía, a USC abre un proceso de presentación de **manifestacións de interese** por parte dos grupos de investigación que así o desexen co obxecto de que acheguen as súas propostas para a identificación e desenvolvemento de áreas estratéxicas de I+D+i no ámbito do Campus da Cidadanía. Estas manifestacións de interese servirán de base para o deseño e focalización de futuras posibilidades de financiación propias así como para o deseño e articulación de centros ou institutos de investigación ou outro tipo de iniciativas que permitan acadar investimentos para actuacións dirixidas a eses eidos.

REQUERIMENTOS DAS PROPOSTAS

Os grupos de investigación poderán presentar manifestacións de interese que deberán cumprir os seguintes requisitos:

A. Propoñentes:

- Deben ser avaladas por un mínimo de oito grupos de investigación dos cales seis deben ter a condición de GRC ou GPC na actualidade.
- Deben reunir un mínimo de catro proxectos competitivos activos do Plan Nacional ou internacionais.
- Ningún grupo pode estar integrado en mais de dúas propostas.

B. Temática

As propostas deben abordar de maneira significativa algúns dos grandes retos globais que están sobre as axendas nestes momentos e que afecten de maneira importante á sociedade galega. A continuación propónse unha lista non exhaustiva de potenciais temas¹ que están aliñados coas prioridades definidas na Estratexia de Especialización de Galicia e nas prioridades marcadas polo Horizonte Europa:

- Benestar e inclusión social;
- Globalización económica, política e cultural;
- Cambio demográfico e o progresivo envellecemento da poboación;
- Movementos e fluxos migratorios;
- Sustentabilidade e a presión climática sobre o planeta;
- Cambio tecnolóxico, sociedade dixital;
- Transformación do modelo económico actual cara unha nova competitividade marcada polo desenvolvemento tecnolóxico e o coñecemento;
- Novas expresións da cidadanía e a democracia /Soberanía, cidadanía, gobernanza e democracia;
- Linguaxe e comunicación;
- Cultura e identidade;
- Educación e formación ao longo da vida;
- Traballo, traballadores e mercado de traballo;
- Xénero como vector de construción para a inclusión e equidade;
- Humanidades dixitais.

A lista de temas non ten carácter exhaustivo pero é particularmente recomendable que as manifestacións de interese aborden varias das cuestións sinaladas anteriormente, ou estean relacionadas estreitamente coas propostas.

PRESENTACIÓN E CONTIDOS DAS MANIFESTACIÓNS DE INTERESE

O prazo de presentación de solicitudes iniciase o 30 de outubro de 2020 e finaliza o 15 de decembro de 2020.

A solicitudes deberán seguir o **modelo establecido** a tal efecto que inclúe os seguintes apartados:

1. Axenda científica:

¹ Tamén se consultou para a identificación dos temas potenciais o estudo “ The next Generation of Emerging Global Challenges” para a súa consideración por parte do Social Sciences and Humanities Research Council, dispoñible en <https://horizons.gc.ca/en/2018/10/19/the-next-generation-of-emerging-global-challenges/> [última consulta 02/10/2020]

Definición do enfoque de especialización. As propostas deberán conter un esquema de axenda científica, na que se recolla:

- Programa científico identificando as principais prioridades de investigación (un mínimo de dous e un máximo de cinco);
- En cada unha das prioridades é necesario especificar as liñas de investigación nas que se centrará a iniciativa.
- A relación dos grupos de investigación propoñentes cas súas liñas de investigación e relacionadas coas prioridades de investigación que se propoñen na manifestación de interese.

Máximo 3 páxinas.

2. Interese social e científico

- Xustificación da idoneidade da proposta argumentando as sinerxías entre os grupos, a converxencia das liñas de investigación, a capacidade de colaboración, etc.
- Motivación do interese social e a relación coas prioridades e liñas de investigación coas estratexias galegas, españolas e europeas de investigación e desenvolvemento.

Máximo 2 páxinas.

3. Programa de traballo

- Accións mais relevantes que serían desenvoltas no marco da iniciativa proposta.

Máximo 1 páxina.

4. Fitos relevantes

- Selección dos 10 proxectos ou actividades mais relevantes desenvolvidas polos grupos nos últimos 5 anos relacionadas coa axenda científica proposta.
- Selección dos 10 artigos mais relevantes publicados polos grupos nos últimos 5 anos relacionados coa axenda científica proposta.

APOIO NA FASE DE PREPARACIÓN E PRESENTACIÓN DE MANIFESTACIÓNS DE INTERESE

Aqueles grupos que consideren a posibilidade de presentar unha proposta poderán solicitar a colaboración da **Área de Promoción e Proxectos Internacionais** do Vicerreitorado de Investigación e Innovación para resolver as dúbidas que poidan presentarse. Será moi recomendable no proceso de preparación establecer reunións de traballo para identificar eixos ou liñas de especialización. As persoas de contacto son: Nieves Lagares, Comisionada para o Campus da Cidadanía (mnieves.lagares@usc.es), Emilio M. Martínez Rivas, Director da Área de Promoción e Proxectos Internacionais (emilio.martinez.rivas@usc.es) e Susana Fernández López, Técnica de I+D+i (susana.fernandez.lopez@usc.es).

VALORACIÓN E APOIO ÁS MANIFESTACIÓNS DE INTERESE

A cada unha das propostas se lles emitirá un informe valorativo cualitativo da proposta presentada.

As tres propostas mellor valoradas ofrecerásele apoio tanto con recursos de carácter interno coma externo para o deseño de proxectos de I+D+i de carácter estruturante para os eixos referidos.



Así mesmo as achegas recibidas servirán de xermolo para a promoción dun centro de investigación segundo as oportunidades o permitan..